

## COMPOSICIÓN HISTÓRICA 6

*Os seguintes documentos deben permitirche facer unha redacción sobre a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, ás diversas causas da crise, os seus efectos sobre o sistema de quendas e o agravamento da situación provocado polo desastre de Annual.*

### **Doc. 1. Petición da Asemblea de Parlamentarios. Barcelona, 19 de xullo de 1917:**

“A política do actual Goberno, sobre significar unha provocación a Cataluña e a España enteira, constitúe á vez un agravio ao Parlamento e un obstáculo a que as ansias de renovación que sente o país poidan obter normal satisfacción (...).

Que declarando o Goberno e os partidos que teñen maioría nas actuais Cortes que estas non poidan actuar en funcións de constituíntes, e considerando a Asemblea que urxe deliberar e resolver sobre a organización do Estado, a autonomía dos municipios e os demais problemas que as circunstancias expoñen con prisa inaprazable para a vida do país, entenden que é indispensable a convocatoria de novas Cortes, que en funcións de constituíntes, poidan deliberar sobre estes problemas e resolvelos”.

### **Doc. 2. Manifesto do Comité de folga á clase traballadora. Madrid, 12 de agosto de 1917:**

“Aos obreiros e á opinión pública: Chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación ningunha, os propósitos anunciados polos representantes da U.X.T. e da C.N.T. no manifesto subscrito por estes organismos no mes de marzo último (...):

Pedimos a constitución dun Goberno provisional que asuma os poderes executivos e moderador e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceiras, dunhas Cortes constituíntes que aborden, en plena liberdade, os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se conseguiu ese obxectivo, a organización obreira áchase absolutamente decidida a manterse na súa actitude de folga”.

### **Doc. 3. Discurso parlamentario pronunciado por Indalecio Prieto en outubro de 1921 sobre o Desastre de Annual:**

“(…) Vistes, señores, despois dun desastre da magnitude do que foron teatro aquelas odiosas terras da zona de Melilla, a frugalidade, a sobriedade, a sequidade con que o señor presidente do Consello o espuxo ante o país: unhas cantas frases para dicir que non podía haber esaxeración ao cualificar o desastre; unha ausencia total, absoluta, de datos sobre a contía e magnitude da catástrofe e a máis absoluta ausencia tamén de todo xuízo sobre as causas que a procrearon”.